

ADDENDA Nº 1 AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURA E O CONCELLO DE MOS PARA A REMODELACIÓN DA AVENIDA DE PUXEIROS – AVENIDA DO REBULLÓN.

REUNIDOS

Dunha parte, María Martínez Allegue, presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, facultada para a formalización deste convenio polo Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

Doutra parte, Nidia M. Arévalo Gómez, na súa condición de alcaldesa do Concello de Mos, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal, suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto

EXPOÑEN

O 18 de febreiro de 2025 asinouse un convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Mos para a remodelación da Avenida de Puxeiros -Avenida do Rebullón.

O orzamento necesario para a execución das obras estímase nun millón douscentos oitenta e dous mil trescentos setenta e tres euros con sesenta e cinco céntimos de euro (1.282.373,65 €) IVE incluído, dos que a Axencia Galega de Infraestruturas asume o importe de 600.000,00 €.

De conformidade coa cláusula quinta serán subvencionables os gastos realizados durante o ano 2025. A anualidade 2026 correrá na súa totalidade de conta do concello que deberá de presentar o xustificante do investimento realizado.



A data límite para a xustificación destes gastos é o 10 de decembro de cada ano.

Con data 3 de decembro de 2025 o Concello de Mos solicita unha prórroga de dez días para presentar o investimento realizado.

Entendendo as partes que as condicións que motivaron a sinatura do convenio son plenamente vixentes e os seus obxectivos son invariables no tempo en consecuencia

ACORDAN

Subscribir esta addenda nº 1 ao convenio citado, co fin de modificar parte da cláusula quinta no referente á data límite de xustificación do investimento realizado que se prórroga ata o día 18 de decembro.

CLAUSULAS

Primeira.- Modificación da cláusula quinta. Xustificación e pagamento

Modifícase a liña na que se fixa a data límite de xustificación do investimento mantendo o resto da cláusula a redacción orixinal, quedando redactado como segue:

QUINTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

A data límite para a xustificación destes gastos é o 18 de decembro de cada ano.

Segunda.- Publicidade e rexistro

A sinatura da presente addenda suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten nela, e mailo resto de especificacións contidas na mesma, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149 do 3 de agosto).

Terceira.- Protección de datos de carácter persoal



As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

E, para que así, conste e en proba de conformidade asinan electronicamente o presente documento.

A alcaldesa do Concello de Mos, Nidia M. Arévalo Gómez

A presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, María Martínez Allegue

